



## Concello de A Pobra do Caramiñal

---

**Expediente núm.:** 1668/2018

**Notificación Pleno Extraordinario do 3 de maio de 2018**

**Procedemento:** Procedemento Xenérico

### NOTIFICACIÓN

Mediante a presente notifícaselle a Resolución de Alcaldía de data 27 de abril de 2017, co seguinte tenor literal:

#### **CONVOCATORIA PLENO EXTRAORDINARIO DO 3 DE MAIO DE 2018**

D. José Luis Piñeiro García, Alcalde-Presidente do Concello de A Pobra do Caramiñal, en virtude das competencias outorgadas na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o Real Decreto 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local,

### RESOLVE

**PRIMEIRO.-** Convocar sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación para o día 3 de maio ás 21:00 horas, a celebrar no salón de plenos da Casa Consistorial, coa seguinte

### ORDE DO DÍA

**ÚNICO:** Cuestión de confianza vinculada á aprobación do Orzamento Xeral da Corporación para o exercicio 2018.

**SEGUNDO.-** En cumprimento do disposto no artigo 84 do Real Decreto 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais a partires do día da data ten vostede a súa disposición todos os asuntos relacionados na orde do día indicada no punto anterior.

#### **RÉXIME DE RECURSOS:**

Contra a presente Resolución que pon fin á vía administrativa, pode interpor alternativamente recurso de reposición potestativo ante Alcalde desta Entidade, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se optase por interpor o recurso de reposición

---

## Concello de A Pobra do Caramiñal



## **Concello de A Pobra do Caramiñal**

---

potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor Vd. calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

A Pobra do Caramiñal, á data da sinatura dixital,

O Secretario,

---

**Concello de A Pobra do Caramiñal**

C/ Gasset, 28, A Pobra do Caramiñal. 15940 (A Coruña). Tfno. 981843280. Fax: 981831192